

O TARRIÑO DAS LARPEIRADAS

- AULA DIEGO CEBREIRO -

Había un neno moi goloso que sempre estaba desexando comer doces. A súa nai gardaba a tarro das larpeiradas no alto dunha estatería da cociña. De cando en vez a nai agasallaba ao seu fillo con algún doce deste tarro pero non lle daba moito porque sabía que comelos todos os días non era nada bo.

O pequeno morría das ganas por facerse con aquel tarro, así que un día no que a nai non estaba na casa, arrimou unha cadeira á parede e subiuse a ela para acabar collendo o desexado tarro.

Meteu a man neste para coller o máximo número de lambonadas pero cando intentou sacar a man, quedóuselle atrapada dentro do tarro.

- ¡Oh, non pode ser! ¡Quedoume a man atrapaaaaaada!

Intentou sacar a man de todas a maneiras posibles pero o neno non daba.

Desesperado, tirouse ao chan chorando e pensando que cando a súa nai voltase, íalle rifar por aquilo que fixera.

Un amigo que paseaba cerca da casa escoitou os choros do seu amigo e aproveitando que a porta da casa estaba aberta, entrou.

- ¡Ola! ¿Qué pasou? Oínte chorar dende a rúa.

- ¡Mira Teo! ¡Non podo sacar a man do tarro das larpeiradas para comelas todas!

- A solución é máis fácil do que ti pensas. Solta algunha das larpeiradas que levas no puño e confórmate coa metade delas. Terás doces de sobras e poderás sacar a man do tarro.

O neno así o fixo. Desprendeuse da metade e a súa man saíu con facilidade.

Secou as bágoas e cando se lle pasou o desgusto, comparteu as lambonadas co seu amigo.

PREGUNTAS

1. ¿ONDE ESTABAN GARDADAS AS LARPEIRADAS?

NUN CAIXÓN

NUNHA CADEIRA

NUN TARRO

DENTRO DO FORNO

2. ¿POR QUÉ CHORABA TANTO O NENO? ELIXE A OPCIÓN CORRECTA:

A. PORQUE NON PODÍA COMER OS DOCES.

B. PORQUE NON QUERÍA COMPARTIR OS DOCES CO SEU AMIGO.

C. PORQUE TIÑA MEDO DE QUE SÚA NAI LLE RIFASE.

3. ¿QUÉ FIXO PARA PODER SACAR A MAN? ELIXE A OPCIÓN CORRECTA.

A. ROMPER O TARRO CONTRA O CHAN.

B. BALEIRAR O PUÑO E COLLER MENOS CAMELOS.

C. NON PUIDO SACAR NUNCA MÁIS A MAN DO TARRO.

4. ¿CÓMO SE CHAMA O AMIGO DO NENO?

.....

5. ESTE CONTO É UNHA FÁBULA, ¿QUÉ SIGNIFICA ISO?

A: RELATO BREVE DO QUE SE TIRA UNHA ENSINANZA XERAL.

B: CONTO LONGO PARA ENTRETER AOS MÁIS PEQUENOS.

C: HISTORIA DE AMOR ENTRE UN OSO E UN PAXARO.